

úm. 70

Tomo 6.

nóis

CATLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Pamir, por GEORGES CHENNEVIERE †, trad. de R. O. P.

Jogadores de cartas, por VICENTE RISCO.

Catálogo dos Castros Galegos pol-o SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS.

Encol da voz Magorrento, por F. BOUZA BREY.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47.2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Outono do 1929



Núm. 70

P A M I R

Endexamais o paxaro da mañán
Voo tan outo, cantou tan ceibe.
Endexamais as augas da mar
Refrexaron tantas azas brancas.

A luz que eu recibo
Xurde de vencer un mouro abismo,
Onde o silencio se recobre
D'un disforme grosor de inverno.

Raiolas molladas de ouro e verde,
Claríns calados, esplendor do orde,
Recollimento, dempois da noite,
Do novo día que virá aixiña.

Oio estrondar pontes de ferro.
Sangra ás granxas o cantar do galo.
Marifeiros beben nos bares
Sobr'o oleaxe lonxano da outa mar.

A paz decorre entr'as ponlas
Baixo a follateira espallada.
C'un berro de vidreiro
Entra o sol no meu coarto.

Tod'a tristeza d'onte,
Borraa tí, mañán enganosa,
¿Qué beizos, ó meu ouvido,
Marmuraron: felicidade?

I

Eis que camiño pra iste viaxe sin término
No que a i-alma leda dirixe un corpo quieto.
O camiño ofrecido ten a graza sinxela
Das donas que cruzan un sono de neno.

N'hai barcos nin expresos que non cinga.
Cavilo toda sorpresa e recollo a eistensión,
Acarifiando c'as duas máns a cintura da terra,
Afelpado ó fio das augas, de lán ó tocar os bosques.

—
Cada minuto é unha ialba pra quen non ten medo á noite.
Ó igoal qu'un enxame tolo xírame arredor o tempo;
E a coor dos empedreados locente despois da chuvia
Refai pra min un porvir de ningún xeito agardado.

—
Xa é hora. Vinde comigo, silbatos, trompas, sirenas!
Adeus, pousadas e terras! Pois non estarei de volta
Namentras ecóe no fondo da miña mocidá longa
Ista campá que batela ó ritmo igual da marea.

* * *
Andiven canales dreitos, entre arboredos tan outos
Qu'as suas follas deixan ver a faciana das pousadas.
Os fillos dos marifeiros ollan esbarar as beiras
E desenrolarse os campos percorridos pol-o sol.

—
A groria dos invasores e os diamantes de Golconda
Non igoalan a este brillo do xurdir d'unha mañán
No salvaxe recender d'amor, de saiba e de escuma
Que a cada paso revive o orballo centileante.

—
Non é o espazo desmasiado pr'os alentares do peito,
E iste ensono dos meus ollos leva mais alén do día.
Eu son ceibe n'algún sitio n'un mundo outravolta mózo
Onde os xestos e as parolas esmorecen en sorrisas.

—
Alto! Comeráse eiquí entre a ponte e mais a esclusa.
A nai dos nosos compadres coidará de nos fatar:
Guiso de lebre ó coñac, viño mais fresco que o vento
E un queixo que fai pidir outro pouquiño de pan.

—
Vinde conmigo ó salón, amigos qu'eu recoñezo.
Nosa presenza non ten estraneza pra istes muros,
Pois ben sei que o noso sitio está fai tempo gardado
Asegún ordre e segredo d'unha ditosa aventura.

—
Terán as cousas pra nós un cheiro de eternidade,
Que se gardará mais tarde na lembranza mais pequena

Que nos teñamos levado da criada e mais das froles
E qu'a legría doce nas augas mainás do vrán.

Fermosa circulazón! Vontades, novas, desexos,
Alén do tempo que pasa e do espazo que nos fuxe;
Soar de angueiras e de días, longos silenzos de sono,
Eu acordo en min os ecos de toda a vosa xuntanza.

A cremencia do destino, e a bondade da sorte,
O raiolar d'un instante, precario de ser divino,
Eu ergo meu vaso d'ouro, que desforma a follateira
E fai unha luz vibrante ó través da alma do viño.

* * *

O vento fai soar a lingoa
Nas velas d'unha barca,
Nas meixelas d'unha dona,
Nas cartas d'un xogador,

*

As sombrillas das medusas
Frotan no tépedo océano,
Do que ruben as chalanas
Cheas de ventres escomosos
Que centilean ó sol.

*

Todol-os tres car'a mar
C'auga de todol-os ríos
E o correr das dúas ribeiras
Devánase un hourizonte
Feito de novas soedades

*

A pillara voa rente
A soá lixeira das ondas.
Riba da campía agromada
Voos griseiros de labercas.
E inda o sol vai rubindo.

*

Oio miña voz futura
Cantando o fermoso hoxe.
E lembranza todo ouxeto,
E comprido todo viaxe.
Mais iníciase outra idade.

Un silencio de calor
E de pombas estasiadas
Envolve doce priguiza
O tempo que xa non fala
Sinón c'a voz do que durme.

* * *

Muller de craros ollos que baixas pol-as rúas,
Vas pisando c'un rumor de cunchas.
—Panda o corpo, fermosa, e sorrime ó pasar!—

—

A fresca auga moura onde locen callaus
Dame sede, e medo de beber.
—Colle o trebo, filla, e non te volvas!—

Sobr'a vella ponte, do que fuxen lameiros,
Sinto voltar os bicos para min.
—Lavas os lenzos, aboa, e non m'ollas mais!—

A vila é probe e o sopro ben curto
Qu'entra e sai pol-as duas nocas.
A sombra da que coido medrar, medra d'un decair.

Mais é fermoso o viaxe, cando n'il se non cavila,
O vento traime vosa hora e o chamar das ferrerías,
Os postes dos camiños, os kilómetros da estrada
Vosos nomes me repiten, ledos pobos desexados,
Que se arrulan nos meus ollos com'os paxaros nos niños!
Vézélise, loce no chao no medio de vinte cotos,
Que todos podo saluar dend'o banco onde me folgo;
Kermaria, a feituquiña, a beira de verde praza,
Na que outro tempo beilei ó tocar da cornamusa;
Pléhédél que sorprendín a volta d'un nú camiño
Nas xunqueiras que travesan os *angelus* e as raiolas;
Aubazine, a doncela, muros de esgrevio granito
Do que s'entenden ecoar as fervenzas nas quebradas,
E cantigar baixo as polas un lindo pastor mociño
Que figura ser pastor de toda abenza de Francia;
Kermaria, Pléhédél, Aubazine, Vézélise!
E a Estaque, na que cada onda fai voltar un deus tranquió
Que se senta, sin falar, na mesa dos bebedores;
Rolleboise, Sènestis, Lillebonne, Celleneuve,
E A Poisnière vinte treitos ó amparo de cen nogueiras,
Donnemarie, Aubepierre, Audrezel e Dolancourt,
Ouh, aldeas raiolantes c'as vosas galas do vrán,
Caen vosos nomes na festa chamados pol-a lembranza
Como cain maduros froitos dos albores que se abalan.

Meus ollares peiraos d'un día
Que non cede apenas á noite;
Eu xunto o mañán con onté
No locir do día de hoxe.

Nos imos choutando rúas
Baixo un regueiro d'azul,
Que abondaría a esquencer
As baixas, tristes, abóbedas.

A todos vós me dirixo
Moi apreciados compadres.
Volto a sair. Acompañademe
Cantando que ren vai vello.

Do cume da eirexa d'Hyères
—Ti lembraste, vello amigo?—
O reló soaba as once
Sobr'a antiga praza da Herba.

*
Un reló daba mil horas
Sobre empedreados locentes.
Mais temos a edá d'un día
Que daba sua coor ó viño.

*
Larga abenza de mimosas
Tremaba con febre verde.
O alvês locía, c'un espasmo,
A frol que lle da a morte

*
Ibámos pra Rodas e Chipre,
Ollando o mais arqueado
Da vendedora de churros
Que surría de ser bunita

*
Mais nós seguíamos indefrentes
O xogo decorrente das sazós.
Nós quentábamos no peito
Un ledó lar qu'inda loce.

*
A pingas, nosos beizos gostaban
A larpeirada d'unha mañán,
Mais forte qu'iste aer salgado
Que sopraba tras de nós.

*
E estabámos tan preto dos deuses
Que un silenzo viña a nós.
Pra mollar nosa felicidade
C'unha lembranza sin door.

* * *

Que novo era o mundo e que lonxe estaba a mortel
A terraza domiñaba a quietude d'un océano,
Que figuraba no poente ir caíndo nos abismos
Onde as estrelas, pra sempre caladiñas van xirando.

—
Teño seguido ríos verdes que camiñan entre simios,
Baixo as arcadas seguidas dos arboredos das beiras,
Teño percorrido selvas que semellan cháns dos mares,
Illas cheas de paxaros que soílo cantan de noite.

—
Durmín en pazos cruzados por pantasma de raíñas,
Que gardan soldados nús de costas nas colunatas,
Diante a yalba en que morría o triste fogo dos nómadas
Que voltaban a cantar ó pórse, outrora, ó camiño.

* * *

Febrento de ter moito tempo percorrido o universo,
Abraiado de refrexos, axordado de refrás,
Voltei, de mal xenio, a unha cidade avarenta,
Na que o home sempre canso camiña c'a testa baixa.

—
Meus amigos, non coidedes que eu vos deixo,
Pois podo xunguir pol-o feitizo do canto,

O pescantiñ dos grandes lagos e o pastor das dunas,
O docker de Melbourne e o mineiro de Lens,

O chiscar das sinais, a mistura dos ralles,
O roncar das torres nas cidades de aceiro,
O tremar das rodas sobr'as agullas,
Achéganme a vós baixo un ceo máis xusto.

Alomearon meus ollos os faros todos do mundo.
Ai ningunha volta que non sexa un desterro,
Litorás deixados, quen fora semellante
A ise deus viaxeiro tan lembrado nas illas!

Mais ben sei qu'ista noite, no Cabo, en Bos-Aires,
En New-York, en Marsella, no Havre, en Singapour,
Un marifeiro estrano cal todol-os mariños
Vai aixiña por rúas esmaltadas de bares,

Pra botar outra copa diante da batelada,
No estrondo das canciós, das ondas, e do baile,
E sobretudo—é triste o curazón e mol a carne—
Pra bicar unha moza didiante dos navios!

II

Abríronseme os ollos e xa vai sendo noite.
Durmín. Envellecín d'un viaxe e d'un ensono
Que fermosa serías, noitiña de San Xohan,
Si dinantes non te houberámos lixado.
Fúxeme todo: primaveira, canaíes e as vilas,
Istes peiraos azúes cheos de sombra calada
Onde as mulleres fan rindo tolamente,
A saúde da legría e o choutar destemido,
O brillo da aventura, e tí, i-alma, tamén.
Mais práceme d'abondo que se pechara a porta
E me deixaran soílo sentado diante un muro,
Pois inda dispoño d'un cadro cheo de estrelas
Pol-o que chega o aire e sairá miña voz.

* * *

Adeus, sexa, miña bela mocidá,
Unha néboa corre sobr'o Sena
Com'o meu soño máis vello.

Adeus o amor e a sorpresa,
Estou ó abrigo do desexo
E soílo sei da miña idade

—
 Mais temo pouco ó porvir
 Pra reteñer no meu peito
 A forza do sopro que me vinga

—
 Pensamento, ouh fonte de febre
 Non temas endexamais que me destete
 Do teu ouro e da tua vendima.

—
 E tí, carceleiro, bebe á miña sede.
 Eu fuxo unha vegada mais
 Sin que se movan as portas.

Salouca o vento, dezembra a chuvia,
 Ceiba teu can, labrego.
 Todal-as veiramars da Bretaña
 Poñen as poutas á tromenta.

—
 N'unha pousada sin letreiro,
 Por frente do océano griseiro,
 A vella dos grandes ollos
 Entrou pedindo un acougo.

—
 Seus cabelos brancos mal cobren
 Un ollar que quer fuxir.
 Leva un mantelo de loito.
 Seus pés van nús nas sandalias.

—
 Aboa de faciana desfeita,
 Xa teus fillos non te coñecen.
 E teus netiños xogando
 Fan un estrondo que te enrabecha.

—
 Abóa, fai algún tempo,
 Dice que a mar é mala.

Olla, vai fiando sua cólera
 Nos dentes brancos das rocas.

—
 Abéa, de grandes ollos doentes,
 Cheos de door e vergonza,
 Estamos soilos n'ista sala:
 Porque non me respondes?

—
 O largo do Danubio e do Ródano,
 Nos teus chaos de Rumanía,
 De Brandemburgo e da Turena,
 De Beauce, de Frandes, e de Brie.

—
 Teus paisanos traballaron,
 Como ó fixeron seus antergos,
 Asegún e onde da sazón
 E a bondade do ano.

—
 Nas tuas minas de Silesia,
 E d'Ingraterra e da Lorena,
 Nas tuas estaciós e fábricas.
 Nos teus portos e forxas,

—
 Teus obreiros fixeron o ceu
 Sin pedir sinón a legría
 De vivir na paz, e de gostar
 A recolleita da laboura

—
 Dí, pois, nai lamentabre,
 Madriña dos trigos e das viñas,
 Abóa, cuia voz cantiga
 Un aire que temos esquencido,

—
 Porque o pán que nos dás
 É tan salgado á nosa fame,
 Porque o viño que nos sirves
 É tan esgrevío ó noso labio?

Si te chamamos pol-o teu nome,
Rematarás por ouvirme,
E por fin responderásme,
Europa, Europa-os-grandes-ollos?

Non finxas iflorar, ista noite,
Que o mundo agardaba de tí,
En sinal de misericordia,
O esquecemento do pasado.

Teño piedá de tí. Eu prégoche,
Agora qu'inda é tempo,
Pra fazer o xeito agardado,
Pra dicir a verba precisa.

Ten conta qu'os dados botados
Sobr'o tapiz e o mostrador,
Marcan a baixada da tua sorte
E o oriente do astro negro.

GEORGES CHENNEVIERE
† 20. Agosto 1927

Trad. de R. O. P.
27 Febreiro 1928

(A seguir no número que ven.)





JOGADORES DE CARTAS

Son catro, arredor da mesa, e tres mirós, o qual, por casualidade —esa razón que non cisiste— fai o número sete, pol-o que se contan os lumiáres do ceo. Mais son catro somente os que fan o cadrado mágico do xogo. Os outros tres ollan o xogo d'outra torre invisíbele do silencio.

O muricego da noite ven voando paseniño d'outra Oriente, tapando as estrelas co-as asas de seda, pra pousar na praza mollada de chuvia qu'espella o ronsel dourado do sol por n-unha longa barra d'ouro deitada nas lonxas púldas. É un ouro moi pálelo e doente, convallescente da febre do trebón, que aínda choran os tellados verdegantes en pingotas musicais que deitan notas limpas nas charquelas. Mais o salón, co-as fenestras abertas pol-as que ven o cheiro da y-auga, áchase já tan acugulado de sômas, que case já non collen mais dentro d'il, e non as axota tampouco a bris que sopra o poente pol-o burato das nubes por ond'hai pouco aínda guichaba o sol.

Por iso tiveron que tragar velas, e hai unha n-un canto da mesa, chantada na boca de cañón d'unha botella de graciosa, que aínda hai pouco se cadra, o mozo, que é un rapaciño con uniforme de groom, fixo estoupar, artilleiro abelencioso, e disparou n-unha outra copa de vermut a sua carga de vapores que ferven en gurgullas no seo da y-auga perfumada. E a flama d'esta vela pon nas faces dos jogadores o craescuro de Rembrandt e no fondo o pardo de taller.

Son catro, arredor da mesa e tres mirós. Un d'íles vai vestido de loito. Os outros van vestidos da coor do tempo. E as maus retortas de torgo de uz sosteñen os leques aber-

tos onde s'espallan os símbolos d'Hermes Trimegisto, frolecidas de coores heráldicas, e deitan no inocente verde de lameiro do tapete as notas diplomáticas—inofensivas e pacifistas—dos ases e dos treses afoutos e pomposos, aos que hai que asistir asegún lei estricita, e dos trunfos inaparentes, mais domiñantes e cheos d'imperio, valorizados pol-a insaculazón da sorte, que se poñen c'un pequeno golpe de remate da puxa de cada baza.

O xogo é unha subasta, é unha confrenza diplomática, e é unha xuntanza espiritista. Púxase a ganancia co-ise papel-moeda representativo de valor abstraído que son os naipes, e por iso o xogo é mais qu'unha subasta. Emprégase o cerimonial e o protocolo, sen precurar ningunha utilidade social—nen individual, na esencia—e por'iso o xogo é mais qu'unha confrenza diplomática, e os catro señores qu'están eiquí sentados, na fondura sen fondo d'esta sala escureta, namentral-a chuvia pule coma gemas as pedras da praza, están metafisicamente mais enriba que Briand e que Stresseman, porqu'istes d'eiquí son mero símbolo, e a sua personalidade d'a cotío desaparece, namentras que Briand e Stresseman non son mais que persoaxes históricos, e antr'o xogo e a diplomacia hai a mesma relación que hai antre a álgebra superior e a contabilidade mercantil. Evócase o Poder dos símbolos, nen xiquera dos símbolos cosmogónicos de Thot, qu'os jogadores non coñecen por mais qu'estean eiquí deseñados nos naipes por dibuxantes que non-os coñecen tampouco, senón os símbolos abstraídos do valor puro, do poder sen nome: trunfo, ás, três, rei,

cabalo, sota, puntos de mais a menos; e por iso o xogo é mais qu'o espiritismo, onde s'evocan somentes mortos.

Todo está concentrado nas cartas, que soilas deciden da sorte, porqu'elas somentes saben o que fan, e d'onde veñen, e pra onde van, cheas do poder que lles dá a tradición e sufragio unánime e constante de todol-os jogadores.

E as velas esborran pouco a pouco, chorando a vida que pasa e se lles vai, en bágoas ardentes que coallan en estalautas funerás.

E hai un silencio ou un mamuxar de velatorio, dos qu'están no velatorio do tempo.

De cando en cando, un baraxa, e ao embrullal-as cartas, vai cruzando a sorte e tecendo os fados en erdume e trama, con fíos de vida, con fíos de tempo, enfiados nas agullas das espadas, enrolados na roldana dos ouros, entrambicados no barroquismo dos ases, enmarañados no sarillo dos catros, e as maus d'esclerosadas veas que misturan os símbolos, e a mau impaciente e cansa que s'adianta pra cortar, iñoran de todo o misterio qu'están faguendo andar d'un a outro. E mais así e todo, o que baraxa, como está sendo sacerdote namentras baraxa, oficia sempre, sen se decatar, litúrgicamente, e o que corta fai sempre tamén do mesmo xeito, coma quen fire á vítima do sacrificio.

A diferenza que hai antre botal-as cartas e jogar ás cartas, é a qu'eisiste antr'a adiviñazón e a mágica. E o que joga realiza sempre sen sabelo, un acto mágico. E os mirós están tamén tan presentes no espírito do xogo e tan presos na cadea da sorte que non lles colle a iles, qu'o meigallo apégall'o cú aos asentos, e non os deixa marchar por mais que miren a muestra os qu'a teñen, porqu'o xogo non ten hora, no xogo as horas perden esencia e diferenza, pérdense, derrêntense no contino do tempo, que o tempo do xogo non é o tempo fiseco que se conta, e de que cada un pode pillar un anaco pra facer d'il un pandeiro, o pandeiro sonoro e oco da obriga e do traballo, senón que é o tempo ausoluto, e ao mesmo tempo é o tempo vivo que marcha sen sentir, que camiña com'as arañas pol-a parede. Somentes cand'un dos jogadores, n-un esforzo penco e difizle de todo o seu ser, n-unha arrincada soberán e final creba o encanto e o hipnotismo dos símbolos, é cando os outros fican tamén ceibes e vanse erguendo, c'un abalar da concencia de quen esperta despois d'un soño.

Ja volven ser homes. Cada un volve ser o que é... Os jogadores, cando s'erguen de jogar, en realidade é que volven do outro mundo.

VICENTE RISCO





CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número VII



CASTRO DE MOLDES

Debia emprazarse iste castro do que non queda mais vestixio que o nome, nos termos da parroquia de Moldes, concello de Bobo-



PLANTA DE OUTEIRO DO CASTRO

rás, e no cabo ou remate de un lombo montesío que ven caer por riba mesmo do pazo,



CASTRO MEIRÓN

que no lugar de Moldes, posé o sabio cate-
drático pontevedrés, Antón Lousada Die-
guez.

No lugar onde debían erguerse outrora as
defensas castrexas edificouse unha cirexa
románica, de notábele arquitectura, e que
hoxe está case derrubada. Ista edificazón e
a do adro anexo deberon ser a causa do total
esborrallamento de muros e terraprens,

cuias pedras é moi posíbele que foran aproveitadas pra os cimentos do templo.

Número VIII

O CASTRO MEIMÓN

EMPRAZAMENTO.—No remate de un contraforte do macizo montesío da Roda, e por riba mesmo do lugar de Vilachá, fregresía de Feás e concello de Boborás. O monte onde o castro se situa chámalle no país «A Goia».

DEFENSAS.—Un terraprán de 5 a 10 metros de alto e bastante pino e un parapeto que mede de 2 a 4 metros de altura e que falla pol-o norte, noroeste e oeste.

MENSURAS.—De forma oval mede iste castro

Do norte ó sul. 67 metros
Do leste ó oeste. 80 »

OBSERVAZÓNS.—O parapeto aínda hai pouco que foi derrubado nas partes onde falla. Os vellos de Vilachá lémbranse perfectamente de que daba por enteiro a volta ó recinto cercado.

Atopáronse, dentro de iste recinto unha especie de forno feito de pedra e n'un eido que hai por baixo de il unhas quenlles construídas con tellóns grosos que ían bater ó mesmo castro.

FOLKLORE.—«O tesouro do castro Meimón está tan pouco atuado que lle tocan as rodas do carro cando pasan por riba de il.»

«O coller iste tesouro é perigoso porque está no meio de dúas *antas* (lumieiras) de alquitrán que toupan en lume en canto se lles toca.»

«Ô redor do castro había dez garitas (mámoas con cámara) que era onde os mouros se metían pra facel-as guardas e por baixo do terraprán existe unha fonte que lle chaman a *Fonte dos Mouros*.»

«Tense visto moitas veces na Goia a unha mouroa que saía cantando ista cantiga:

«No castro de Parada (Cameixa)
teño a miña filla Clara.
No castro de Magros
teño o meu fillo Calros.
E no castro de Meimón
teño o meu curazón.»

(Informounos un veciño de Vilachá.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Xoquín Lousada, X. Figueiral, Xosé Ramón Oxea e Florentino L. Cuevillas.)

(Continuará).





ENCOL DA VOZ MAGORRENTO

Foi no «Arquivo filológico i-etnográfico» de esta revista onde dei á pubricidade unha cántiga de mal-dizer dos veciños de Santa Eugia de Ribeira, na Ría de Arousa, contra dos da Pobra do Caramiñal—que chaman por antonomasia A Vila—e contra, tamén, dos de Palmeira, seus inmediatos:

Magorrentos de Palmeira;
pelados son os d-A Vila;
¡para cantar e beilar
vivan os de Santa Eugia!

De ela hai unha variante debida á musa dos d-A Vila en que devolven o calificativo de *pelados*:

Magorrentos de Palmeira
pelados de Santa Eugia,
para cantar e beilar
vivan os da nosa ría.

N-as dúas cántigas subsiste a alcume de *magorrentos* con relación ós de natureza palmeirana, vocábulo estrano de primeiras, mais que non obedece a unha inventiva popular momentánea pra adxetivar despectivamente c-unha voz sin senso anque desagradable pol-as súas condizós eufónicas, sinón que, pol-a contra, ten o seu significado, presentando, dende logo, pol-a súa terminazón o carácter adxetival en *ento* propio do idioma galego—*cheirento*, *borrallento*, *misereuto*, *fartureuto*...—que presupón o sustantivo *magorro* que espricaremos.

Tanto a voz *magorro* como o seu derivado *magorrento* non foron recollidas nos nosos dicionarios.

Por *magorro* é conocida nos pobos arriba

ditos a tripa do *polbo* (grego, por intermedio do latín, *polypu*; castelán: *pulpo*; galego: *polbo*) tan abondoso nos mares nosos e de tanto aprezo nas romages nosas, ja fresco, ja curado, constituindo a preparazón de iste derradeiro unha das industrias principais da Ría de Arousa.

Magorrento, dempois do dito, comprenderáse trátase de un adxetivo despreciativo significando si nos atemos ó sufixo que o forma—*aquel que ten tripas de polbo*.

En canto ó sustantivo *magorro* coidámolo pol-a súa forma e oríxen un diminutivo toda vez que entendemos deriva de *maga*, termo que se aprica na bisbarra menzoada á tripa de peixe en xeral e que por extensión, débese apricar a todo o que é mol ou viscoso, como Valladares recolle no seu Dicionario, primeira acepción, apricado a calquer guiso ou comida non concreto que por condizóns especiaes se volveu cos ditos caracteres. Coidamos asimesmo que tal voz *maga* debe ter idéntico oríxen que a castelán *mafra* inda que ambos vocábulos separasen o seu significado un tanto sin coincidir hoje exactamente.

Espricado isto, observarase a forza e dureza empregada pol-o pobo na voz *magorrento*, pois ven constituir un despectivo de un diminutivo de cousa tan mísera e desvalorizada como as tripas de un cefalópodo.

Non estamos de momento no análise do demais que as cántigas transcritas conteñen pois farase cando o folklore arousán recollido saia á luz. N-este intre quixemos tan só dar unha nova voz a recoller pol-os futuros dicionarios galegos.

F. BOUZA BREY

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

RESPOSTAS A UN QUESTIONARIO

FREGUESÍA DE SAN PEDRO DE MOREIRAS (TOÉN)

A parroquia

Moreiras está ao SW da cidade d'Ourense, a 7 kilómetros d'ela, pertencendo ao concello de Toén. Ten o término parroquial unha extensión de uns oito kilómetros cadrados, e mil habitantes, pouco mais menos. Seus lindeiros son: pol-o N, o San Benito de Caba de Lobo e Lameiras; pol-o S o Castro de Trelle; pol-o E o río da Granxa, uns terreos de labradío que chaman Santa Eulalia, o monte Medoña, as Tregarizas e o pobo das Airas, tamén da parroquia; e pol-o W témol-o monte da Conchada, a Piteira, a Portela Vella e Vidueiros.

A terra

Coma montes mais importantes, debemos citar o Castro, o Costoira, o Feal e a Conchada.

O monte Castro ten unha forma particular, porque semella un cono; antes de chegar uns vinte metros ao cima, ten unha volta de terra arredor, com'unha rosquilla cando se mete n-un cono e dez metros mais arriba ten outra volta na mesma forma e despois o cima que remata case en punta. Antigamente tiña no cima un castelo co-a bandeira de Hespaña, que tiña o castelo un metro de outo, e esto hai 8 ou 10 anos que desapareceu. D'iste monte dí a xente qu'estiveron alí os mouros e esas rosquillas dín que foi onde tiñan os mouros as armas pra defenderen o pobo e do nemigo.

No monte Feal tamén dín qu'estiveron alí os mouros.

O mesmo dín qu'estiveron os mouros no monte da Costoira.

Os ríos principás son o Regatiño e o Bouzo do Muíño. O Regatiño que nasce na faldra do monte Castro e vai desembocar a Puga, no río Miño, vai correndo por moi fondo e ten uns 8 kilómetros de longo. O Bouzo nasce no monte Medoña e ven pol-as Tregarizas, pol-as Airas e pol-a Escorrega hastra se xuntar co-a Barbaña, que pasa por Ourense, e ten de longo 6 kilómetros.

Son notábeles os penedos de Costoira e Vigón, que iste derradeiro é do concello de Barbadás.

Das penas da Costoira dín qu'estiveron alí os mouros, e n-esas penas está o pé do mouro e o da mouro grabados nas mesmas penas, e abaixo están as sepulturas d'iles. Por debaixo d'estas penas hai unha sorte de mina, e n-esa mina hai dúas pedras *colgadas* que d'inverno están escorregando auga continuamente, e chámalle a xente os touciños dos mouros.

A pena Vigón é unha pena moi grande e está afincada n-outas dúas mais pequenas, e por atrás d'iste había outros dous mais pequenos e alí era onde curaban a xente o enganado botando ao neno d'un lado pra outro mais agora estas penas xa non eisten porque as romperon os obreiros da canteiría pra facer casas, quitando o Vigón.

Non hai mais que dúas aldeas: as Airas e Moreiras. As Airas está ao NE de Moreiras con 150 habitantes. D'esta aldea diz a xente que surtiu a gran capitana Pepa a Loba, que era a capitana d'unha *pandilla* de ladróns e da que fixo Rei Soto unha novela.

Hai dúas casas isoladas: Pereiría e a de Don Camilo. A da Pereiría está no meio d'unha finca que ten un kilómetro cadrado, e n-esa casa que é moi grande e no páteo tiña unha capela, que agora está destinaada a corte, está habitada pol-os caseiros do dono da casa que é de Monforte.

A casa de Don Camilo está case abandonada e téñena uns veciños d'alí perto, que son os das Airas, e n-ela antigamente vivía ise Don Camilo, que agora morreu e agora téñen a casa e as fincas os seus descendentes, mais todo abandonado.

A xente

A xente case toda ten unha talla regular, mais os homes son mais altos que as mulleres e entre eles hai uns cantos que exceden dos demais.

Toda a xente é robusta porque toda traballa no campo, quitando unhas cantas persoas enfermizas.

Na xente do pobo predomina a cor da pel rubia e morena, quitando algunhas persoas brancas. Nos ollos predomina a cor verde e castaña e o pelo o castaño e negro, sendo menos de negro que de castaño.

Nomes, apelidos e alcumes

Os nomes mais empregados son os de Xosé, Antonio e Manuel e os apelidos, Cana e González, e nas Airas, os de Cruz.

Hai poucos alcumes ou mote, e dos que hai son os seguintes: *Zorro*, iste ven d'ises animais do monte que chaman zorros e chámanllo porque apenas dorme e ademais rouba aos veciños, etc. *Tenorias*, este chámanllo a aquela xente que se ten por seño-rita e que nono é. *Saquete*, iste ven derivado d'un apelido que se chama Saco. *Cernella*, iste mote chámanllo a mesma persoa, nace d'ela e chámanllo porque ten moi mal xenio e fai moitas treiciós. *Carrizos*, iste ven d'unha familia que ten moitos fillos e son todos pequenos, e un día rifando c'un veciño, chamáronlle Carrizos.

Ditos, etc., referentes á xente do país

Cántase a copla seguinte.

Pra torres as de Moreiras
Pra feiras as de Toén,
E pra mozas, as mocifias
Do concello sobradés.

Tradizós históricas

Dos antigos habitantes do país non se sabe nin quen foron nin cando viñeron. Dos mouros dín qu'estiveron no monte do Castro e nas penas da Costeira. Nada se conta dos franceses nin dos calristas.

De ladrós conta a xente de moitos.

O Cachabello era un ladrón moi célebre na súa arte. Iba ao monte do Castro de Treille e por alí pasaba a xente dos pobos do lado d'alá e il facía uns monifates grandes coma homes, moitos, e púñaos no cima do monte e il púñase no camiño e ao pasar alguén, pedíalle o diñeiro e se non llo daban, pois mandaba baixar aos bonecos, e se llo daban pois entón decíalle que non viñesen, e esta era a arte d'il pra roubar.

Outra historia é a do Gandola, que era de Sobrado do Bispo; mais iste roubaba d'outro xeito: púñase il e mais compañeiros n-un monte pechado d'arbores que de día se non vía nada, que chaman a Touza de Saco d'Alongos, pobo colindante d'iste, e todolos que pasaban por alí quitábanlle o diñeiro e se nono querían dar, matábano e alí o enterraban.

Costumes. As comidas

O costume d'iste pobo é de comer as doce, agora que algúns comen a unha ou as dúas, porque van traballar e non veñen hastra tarde. O que mais se come son legumanzas e pescado; carne tamén se come algunha. Hai a menestra, composta de fabas e patacas, patacas con bacallau, pescado, caldo, verdura, cocido, que se compón de patacas, verdura, garabanzos, carne de vaca e de porco, carne asada, polo relleno, polo asado, coello guisado, ovos cocidos, etc. Especiais dos días de festa son a sopa de fideos ou pan, o cocido, carne asada, polo relleno, asado, empanada, etc. e de postre queixo ou dulces e despois café e despois copas de licor café ou tostado.

O vestido

Os vestidos que se levan hoxe de diario

son iguás que os das festas, soilo que son rotos e vellos, e os das festas son novos e de moda.

Dos vestidos antigos diz a xente que levaban dengues e muradanas e unhas sayas de moito vuclo e moi longas e cinguidas na cintura.

As casas

Son todas de pedra. Na plana baixa teñen corte e bodega. Os pisos son de madeira e compóñense de trabes, e os tellados tamén son de madeira e están cobertos de tellas.

A armazón dos tellados dispónse asegún os tellados sexan de dúas vertentes, de tres ou catro, en fin que teñen que ter un vértice do que parten as augas e dende ise vértice os paus que baixan pra unha esquina da casa chámanse tixeiras ou lima e os pontós son os que se poñen pra craval-as latas ou táboas que levan as tellas enriba.

Bodas

Primeiro van onda o abade pra botar-as proclamas e despois ao botar as segundas, teñen o costume de que o noivo vaia buscar a noiva e lla presente aos pais e ise mesmo día xa convidan pr'a boda a familia e todos os amigos. Despois de que rematan as munições, veñen todol-os convidados a casa da noiva e dende alí van a eirexa; despois veñen da eirexa e celebran a boda na casa. A mañá pra almorzar toman dulces e copas e as doce fan a comida millor que se fora día de festa e á tarde pagan a música aos mozos do pobo e se nona pagan, vanlle co enterro.

Bautizos

Non hai mais que os padriños da boda son os do primeiro fillo.

Festas do ano. Ano Novo.

Na mesma noite que empeza o ano, ás doce, fan un sorteo dos mozos e mozas do pobo a ver a quen lle toca, e antigamente o

día primeiro de ano, tiñan unha festa os mozos e a moza que lle tocara tiña o mozo obrigazón de ila buscar a casa e andar co-ela na festa.

Entroido

No primeiro domingo, ou sexa Corredoiro, a xente adica a tarde a andaren xogando con olas botándoas ao aire e volvendoas coller e botándollas unhas persoas ás outras.

No segundo, ou sexa Fareleiro, pintanse uns aos outros na cara e maus.

No terceiro ou sexa d'Entroido, os mozos vístense de máscara, axustan a música e van a praza facer rir a xente, os mozos con roupas interiores de muller, e outros vístense como hermanos e van ao campo buscar formigas e bótanllas á xente. E o martes tamén saen o mesmo.

Semana Santa

Empeza no domingo de Ramos, an que a xente leva ramos de loureiro e oliveira. O Jueves Santo hai unha procesión moi boa na que vai Cristo cos xudíos, o ánxele con cáles da amargura e dous monaguilos do lado, atrás do Cristo, e trás do ánxele, doce nazarenos c'un vestido deica os pés e con coroa d'espíñas na cabeza e unha corda ao pescozo, levando os atributos da Paixón de Noso Señor. Detrás van as tres Mariás e a Verónica e por atrás a Madanela e San Xohan e un pouco mais atrás vai a Virxe.

Os outros días non hai nada deica á Pascua, que saí o crego bendecir as casas e pónlle meia dúcia d'ovos, etc.

Corpus

Non hai mais que a misa pagada pol-a Irmandade do Santísimo.

Festa do Patrón

Propiamente nona hai senón é a de San Antonio qu-a deixan pra ise día.

Xogos dos nenos

Os xogos dos nenos son o piñón e o truco. Os grandes non teñen ningún típico senón o dominó e as cartas.

Moitas veces divírtense uns cos outros discorrendo pegotas. Unha de elas é da forma seguinte: poñen dúas sillas separadas unha da outra, deixando no medio o sitio pra outra silla e cúbrenas c'unha manta com'un sofá, e debaixo do oco da silla poñen unha tina chea d'auga e por adiante poñen unha mesa e convidan a unha persoa a xogar as cartas e ven e fana sentar n-aquel sitio e ao sentarse cai abaixo e échese d'auga.

Hai outra da maneira seguinte: fan unhas chulas de carne e outras de estropaxo e tamén convidan a unha persoa e pónense a comer todos e aquela persoa danlle as de estropaxo e iles comen as boas.

Outra moi curiosa que son as pitas de Madri e outras moitas.

Relixión

Os santos a que hai mais devozón son o San Antonio, abogado das mozas pra darlle mozos, sendo as oracións que lle fan particulares de cada un e o que as sabe cala; San Blás abogoso da gorxa, que n-iste pobo ten santuario e ven moita xente; San Roque, abogoso da peste e males estranos; San Xosé, a quen se lle fan os sete domingos, a Virxen dos Dolores, a quen invocan as mulleres cando están de parto; a Santa Lucía, abogosa da vista.

As romaxes onde vai mais a xente son a de Vilar de Flores, perto d'Allariz e a da Peneda en Portugal. Van persoas descalzas, empanadas de branco e levan velas de ofrenda, etc.

As ánimas

Ofércenlle misas, e elas aparécense ás

veces pra que s'acorden d'elas e lle fagan o que precisan pra saíren do Pulgatorio. No Día de Difuntos, hai a procesión das ánimas, e o abade vai recollendo as esmolas pr'os responsos.

Superstición

Cando hai roubos a maneira de saber onde vai o roubado é ir onde unha muller que bote as cartas, a qual sabe pouco mais ou menos quen foi pol-as cartas.

Dín d'algún que ten pauto co demo, mais non saben como fai.

Tamén falan do mal de ollo, que curan con rescritos.

Do trasno, dín que ao tío Bufo aparecíalle total-as noites e íballe enredar nas fabas e nono deixaba durmir. Un día deixoulle unha cunca de semente miuda e á noite veu o trasno e ao andar enredando, tirouna, e o home díxolle:

—Anda, c... agora f... apaña chí!

E despois non lle volveu aparecer mais.

Meiciña popular

As plantas que sirven pra remedios son a faríña de liñaza, a cicuta, a ciruda, as ortigas, os chopos brancos. Pra compor membros rotos empregan os emplastos de resina dos pinos.

Os astros

Cofecéense o luceiro, as tres Marías, o carro ou Sete-estrela, etc. Cando hai cris, non se poden recoller as verduras e cousas d'afora, por que échense de bechos.

Moreiras, 20 Xaneiro 1929.

GONZALO NIETO CORTIÑAS

Alumno do Maxisterio

Non deixe d'adequar

SEGUNDO LIBRO DE COUSAS

por CASTELAO

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

NOVAS DE GALIZA

CREOUSE en Montevideo a *Asociación Protectora da Cultura galega*, que se propón recadar axuda de cartos pra o Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Galega e cantas obras de cultura seria e enxebre eiqui s'empresen, e tamén espallar na América e no mundo a coñecencia da nosa cultura. Xa emprincipiou a súa actuación, xa enviou as primeiras remesas de diñeiro, e xa encomezou a publicación do seu boletín, *Arazua*.

D'iste xeito, por esta mostra e por outras moitas, non temos mais remedio que recoñecer que hoxe en día, o punto onde a acción galega se manifesta mais forte e ben orientada é aló nas ribeiras do Plata, na Galiza d'alén mar, apesaren d'alí tropezaren os bós galegos co-a incomprensión de outros, faltosos de criterio propio.

OUTRA manifestazón do que decimos é a funxión da *Unión Estradense* de Bós Aires, a benficio do Seminario d'Estudos Galegos, cuio luxoso *Programa*, ilustrado con fotografías e con orixinais de varios distintos escritores, coma Manoel San Lois, Xandomar, M. García Barros, Suárez Picallo, Sebastián Guerrero, R. Alfonso Castro-Dono, G. Fernández Couto, Xosé M. Cabada Vázquez, Blanco Amor, Rodríguez Elías, Fiquiño, etc., temos recibido.

NÓS manda seu paraben á patriótica sociedade, e desexa que o seu exemplo seña imitado por todas as outras, si é que queren ser galegas.

MOITO temos que pensar no que fan e no que aínda lles queda por facer ás nosas Sociedades d'América. Coidamos qu'están chamadas a xogar un importante rol no mundo. Abonda con que queiran, con que queiramos todos os galegos... Se Deus permitira que todos os galegos quixeran algunha vez a mesma cousa, e que desaparecera o trogloditismo dos que berran a un orador pra que fale en castelán...

POR encargo do *Centro Galego de Bós Aires*, o banqueiro cruñés Sr. Pastor, en compañía do Presidente da Real Academia Galega e do Tesoureiro e Segretario da mesma corporación, andiveron recollendo por Galiza adiante terra pra un panteón que aquíl Centro pensa erguer en Bós Aires e no qual quere que haxa un pouco de terra nosa. A terra recolléuse no cemiterio d'Adina, en Padrón, cantado por Rosalía e na horta pequena da casa onde ela viveu, das murallas de Lugo, do mosteiro de Celanova e da Ponte de San Payo. Esta terra, pechada en primorosas arquetas de bronce repuxado, estilo oxival foi mandada a Bós Aires.

Esta sinxela cerimonia mereceu de Antón Villar Ponte unha atinada gabanza en *El Pueblo Gallego*, onde daba a idea de erguer o arbore simbólico de Galiza, baixo do qual todos os galegos se poidan acoller, o forte carballo da nosa Raza.

A Comisión encargada pol-a Xunta de Goberno da Academia Galega de xuzgar os traballos do *Certame galego-americano* de Montevideo, rematou o seu cometido, e o seu fallo razoado publicouse no *Boletín* d'aquela corporación. Falaremos do asunto cando se coñezan os traballos premiados e os nomes dos seus autores.

Coma feito curioso temos que sinalar o de que ficara deserto o premio concedido á mellor colección de versos en galego, que foi precisamente ao que mais concursantes houbo. O Xurado, ao facelo constar, estránase de que se presentaran traballos tan rufís cando a poesía galega acadara verdadeiro esplendor.

TAMÉN se fala d'unha *Semán galega en Barcelona* pra o qual o Marqués de Foronda, Director xeral da Exposición, invitou ao Presidente da Diputación da Cruña. A Academia Galega ten feito xa o plan de conferencias e sesións de música galega pra esa semán.

Os orgaizadores da Esposizón de Barcelona aínda queren que Galiza concorra á Esposizón do teatro por mais que pouco seña o que n-esto temos que espôr.

PORTUGAL E GALIZA

A nosa ben coñecida revista *A Aguia*, do Porto, órgano da *Renascença portuguesa*, propónse abrir nas suas páxinas unha Seizón galega, que ha ser colaborada pol-os nosos millores escritores. O Sr. Sant'Anna Dionisio, que hoxe corre co asunto, fixo xa pra elo o convite oportuno, e d'acordo co noso Director, propónse tamén aital-a colaboración e a informazón literaria portuguesa en NÓS.

Antre NÓS e *A Aguia* hai xa unha antiga fraternidade. Entramas revistas teñen sido deica agora as que mais fixeron pol-a mútua intelixenza antre Galiza e Portugal, sobre todo dende hai mais tempo, e con mais continuidade. Nos derradeiros anos compre axuntar o *Portugale*, ao que debemos tamén moita gratitude.

Agora váise abrir unha era nova de mais entrañada colaboración literaria, que ha beneficiar moito á cultura dos dous países.

LETRAS D'AFORA

SPLEEN E IDEAL

INÉDITOS de Baudelaire publicados por Jules Mouquet baixo o título «Vers retrouvés (Juvenilia.—Sonnets-Manoel)». Ademais do drama non rematado *Manoel* (todol-os líricos do XIX maquiaron o penedo do drama; iste nome *Manoel* figura cobrizo, recendente á canela das Illas (pequenas Indias francesas, xeitosas, precisas hastra crásicas: Guadalupé, Mauricio, Reunión, Nova Caledonia) e a palpitazón lumiosa dos mares do coral, aquíl calor qu'era pra Baudelaire un consolo acarón da estufa parisiense da *Tanfarté*) hai moitos versos do acostumado e superior alento: «Le dôme s'arrondit comme une large tombe»; «J'aime son mauvais goût, sa jupe bigarrée.—Son grand châte boiteux—». Brindo a Risco, a Cuevilas, a Sanjurjo (lembra desvos: 1908, «Fleurs du Mal» presuntuosos outonos con todo o pelo? Ista mala tradución do soneto *A Ivonne Pen Moor*:

Lembras agora, nena, tua salvaxe beleza
Cando corrias os bosques c'os fortes pés es-
[pidos]
Saudosa e cantareira, esquencendo a pro-
[beza]

E dando ó ceibe vento os brazos frolecidos?
Teus rizosos cabelos e tua morena coor
Fácian mais desexados teus sinxelos feitizos
Tal a pura Artemisa iñorante do amor
Corría pol-as xesteiras sobr'os montes som-

[brizos.]

Xa se murchou pra sempre tua beleza sen-
[lleira.]

Non mollará teus pés a onda na riveira,
Xa se perdéu o rastro do teu lixeiro andar.
París fíxote rica!... Nos vastos hourizontes
Os ceibes cazadores non sabrán atopar
A irmá que nas suas maus bebía auga das
[fontes.]

MORVAN, por CONSTANTIN-WEYER.

O autor un gran viaxeiro (cruzando as infindas soedades xiadas do Canadá, terra quizais a de millor futuro na América, pensóu seu libro: «L'épopée canadienne: Manitoba», un sonado novelista («Un Homme se penche sur son passé» 1928) sinte a lediza do nativo Morván, terra de penedos, terra céltiga de castiñeiros e citanias. Non en turista, en pelengrino que se decata da realidade rexional, ceibe e inmorrente, e na «Meditazón sobr'o monte Beuvray (*Bibracte*, convocadora das asambreias guerreiras dos Galos) demostra de que xeito o espírito francés ven de mais lonxe que Roma e o latín, chegando a dicir que fala un patois latino «sin acento, como extranxeiros». Sin teimar un programa Constantin-Weyer tén fé na aizón das mulleres: «o día en qu'as nosas donas francesas volvan a vestir com'as suas aboas, nosa terra ganaría en beleza».

OS ORIXES LABREGOS DA CHINA

CADA día o lonxano Oriente entra con mais urxencia na paisaxe da Europa. ¿Porque aínda lonxano? Sempre traballou a China no espírito occidental: abonda lembrar que foi pra Voltaire e pr'os enciclopedistas un término necesario de comparación. O libro de Marcel Granet: «La civilisation chinoise. La vie publique et la vie privée» foi escrito sobretudo traballando nas tradizós, leendas, cantos de festa e de cerimonia que permitiron ó autor facer vitales evocazós psicolóxicas descubrindo antigos estados de concencia colectiva que non deixa aduñar a masa sopeitosa da enorme historiografía china. Primeiro unha sociedade labrega traballando as terrazas e sucalcos nos montes e o arroz nos cháns ribeiros e mollados. Logo unha feudalidade qu'inda baixo as aparencias d'un formalismo d'orixen imperial e cen-

tralista, gardou hastra hoxe unha forte vida rexional.

«LE VOYAGE DE SHAKESPEARE»,
por LEÓN DAUDET.

Un libro da mocidade. Agora volto a imprimir pra lediza de cantos amen a prosa densa, vividoira, latexante de maxinación, de carne e sangue da vida, da emozón de cada viaxe, de cada alborada, de cada nova faciana. Século XVI. O chocar das dogmáticas. Ariel misturado no tumulto guerreiro e teolóxico, o mar do norte, o Flandes revoltado contra España, estampas de guerra superiores a Callot, ensoños do xenio, o castelo d'Elseneur, algo tan dinámico, rico, e gozoso que debía andar nas maos dos rapaces. Tan diferente de Proust qu'o autor de «A la Recherche du temps perdu» estaba namorado d'iste libro de Daudet.

MONSIEUR TESTE, de P. VALÉRY

Outra nova edición. Mais d'iste persoaxe hai que falar d'outro xeito como tipo d'unha maneira de pensamento e de sensibilidade poñendoo en conversa con Chatterton, René, Obermann, Mad. Bovary, Fabrizio del Dongo, Zaratustra, etc, todalas criaturas do século XIX e as que xa andan pol-o seu pé do XX, que son ben poucas.

R. O. P.

LIBROS

APORTACIONES A LA HISTORIA
DE GALICIA, por D. MARCELO
MACÍAS. IV vol. de la Biblioteca
de Estudios Gallegos.

A certaíra direuzón de Alvaro de las Casas, querido e admirado colaborador das publicacións de NÓS maniféstase de novo a publicación dos cinco preciosos estudos do gran D. Marcelo que forman o IV volume da Biblioteca de Estudios Gallegos. Como gran erudito sempre amou D. Marcelo o traballo monográfico, preciso, acabado, que non deixa marxe a ningunha dúbida ou vacilación en canto o consinte a súa interpretación das fontes históricas. D. Marcelo consagrando a Galiza a frol do seu esforzo e paixón faríase dino da eterna gabanza dos galegos aínda que non nos ofrecera o exemplo incomparable da súa vida que decorre fai tantos anos entre nós como un maxisterio custante de dinidade espíritoal, de suxe-

ción animadora, de outa idealidade. Os mais dos libros de D. Marcelo non son doados d'atopar; hastra a mesma «Literatura Preceptiva» que conqueriu ca súa eleganza e precisión tantas xeneracións d'estudantes, vai sendo un libro raro. E ¿que dicir dos Sermós e Discursos? Eles dirón a D. Marcelo o tido de Cicerón cristiano; aínda resoa a unánime gabanza dos auditorios, e hoxe estamos privados de ler sin presa aquela soberana elocuencia que non tivo sucesores. O mal remediase en grande parte ca publicación d'iste libro que apesares d'estar composto por escritos de desemeillante carácter e data diversa, loca c'unha comprega unida de pois abarca visións da historia da Galiza dende a época romana hastra o século X. Do tempo imperial da cultura latina vestindo a sinxeleza da cultura indíxena orixinaria hastra o grande florecemento dos días de S. Rosendo época a un tempo galega e universal. Os tres primeiros estudos son tres xoyas de erudición e técnica histórica: «Civitas Limicorum» «Galicia y los Reinos de los Suevos» e «Historia de los Suevos». No «Civitas Limicorum» apoiándose no estudo epigráfico das lápidas de Nocelo da Pena, sitúa a cidade dos Límicos hastra entón de localidade dubidosa, fai a historia do territorio e as súas relacións ca xeneral de Galiza en aquela época, e non esquece todalas noticias que pode proporcionar a Filología clásica, encol dos Límicos.

O tido «Galicia y el Reino de los Suevos» contén as notas biográficas do Bispo Idacio, cúa patria e cadeira bispal quedan prenamente escrarecidas, 1-a edición do Cronicon, fartamente anotada, unha das mellores contribucións de D. Marcelo á historia galega. Baixo o rubro «Historia de los Suevos» sigue a crítica e a edición da Historia dos Suevos por San Isidoro de Sevilla. Os tres estudos ricamente anotados complétanse con dous apéndices: «La Gallaecia» provincia independente de la Tarraconense» tirada d'outra obra maxistral do autor «Epigrafía romana de la ciudad de Astorga» e un estudo encol das *Monedas Suevas* do «Indicador manual de la Numismática española» de Campaner y Fuertes.

Dous Panegíricos de suprema beleza e maestade oratoria rematan o libro, adicados a dous dos creadores mais grandes da Galiza medieval nai da Galiza moderna: S. Martiño de Tours e San Rosendo. Aínda na fría letra de imprenta o estilo das cláusulas, a arte do párrafo ond'as verbas brillan e locen coma xemas e os hourizontes místicos e históricos franquéanse con solenidade dina de Bossuet, figura resoar coma baixo as bóvedas dos templos, non pouco da voz e do

acento marcelianos. Mais pr'o leutor son sobretudo admirables leuzos d'história certamente calculadas pra facer rayolar sob' a lonxania dos tempos o prestixio das figuras e das Istituzós. A fidalguía da Terra galega xurde poderosa cando no sermón de S. Martiño fai D. Marcelo a comparanza entr'a conversión dos Suevos ca dos Wisigodos. Outros moitos pasaxes poideran sinalarse nas dúas orazós. Pra rematar: tod'o libro é unha canteira de notizas traballadas con probidade de sabio. Tod'o ilumina un bloque da historia galega. A nosa cultura tén qu'agradecer fondamente ista réimpreión de traballos de D. Marcelo apenas conecidas pol-as novas xenerazós. Sirvelle de pór-tico un belo, fino e suxectivo prólogo d'un dos bós amigos da Galiza: Rafael Marquina.

ENSAIO SOBRE A CRISE MENTAL
DO SÉCULO XVIII, por HERNANI
CIDADE, Coímbra, Imprensa da
Universidade, 1929.

O noso querido colaborador, de quen hai pouco comentabamos eiquí outro libro, as recentes *Conferencias*, en que estudaba a Camões, Garret e Gómes de Amorim, oférce-nos agora iste estudo de historia literaria e de historia das ideas no XVIII portugués, estudo verdadeiramente valioso e ben escrito.

Principia co a *crise do seicentismo*, pón-donos de manifesto o estado dos espritos en Portugal no século XVII, co predomínio da Escolástica en filosofía e do gongorismo en literatura, e a crise provocada pol-a publicación do *Verdadeiro Método de Estudiar*, do P. Luís Antonio Verney, que ven desempeñar en Portugal o mesmo rol que na Hespaña o noso P. Feixóo, e na Galiza ata certo punto, o P. Sarmiento, moito mais influente entre nós que o outro. Fala da polémica que ergueu a obra de Verney dos seus moitos impunadores e defensores, ata que por fin, o espírito moderno, baconiano e cartesiano, o culto da fiseica e da razón, veñen trunfar na reforma dos Estudos feita pol-o Marqués de Pombal, que é oujeto do primeiro capítulo da segunda parte, ou sexa *O trunfo do espírito moderno*, no que estuda tamén a reforma dos estudos do clero pol-o Provincial dos Franciscanos D. Frei Manuel do Cenáculo Vilas-Boas.

Por fin, na terceira parte, *As novas tendencias da literatura*, estuda coma n-esta se foi metendo o *gosto da real* e da *natureza*, que propiamente falando non é da natureza atal coma ela é, senon atal como a vía fiseica newtoniana, que é coma nol-a

presenta o P. Teodoro de Almeida e o P. José Agostinho de Macedo; e a influencia que exerceron n-eles as *Seasons* de Thomson, ond'a natureza é tamén asegún a física. Despois ocúpase tamén do suxetivismo lírico, nas suas primeiras manifestazós modernas do dazaoito, en José Anastacio da Cunha, o mais intresante d'eles, e en Pedro Antonio Correia Garção, seguindo logo con Bocage, Filinto Elisio e D. Leonor de Almeida.

Remata estudando as traduzós: o *Telémaco* de Fenelón, o *Gil Blas* de Le Sage, o *Paul et Virginie* de Saint-Pierre, os *Idilios* de Gessner, o *Oberón* de Wieland, o *Essay on man* de Pope, o *Botanical Garden* de Erasmo Darwin, etc.

O autor vaines dando a sinificazón histórica de cada un dos feitos, sen xeneralizazós apuradas nen pantesías. É unha excelente contribuzón ao estudo da historia das ideas en Portugal, que honra ao ilustre Profesor do Porto.

A MORTE DE LORD STAÜLER,
por ALVARO DE LAS CASAS,
A Cruña, NÓS, 1929.

PUBRICOUSE iste novo volume da coleición *Teatro galego*, de NÓS, que leva xa publicados uns cantos. É unha boa obra a da Editorial NÓS. Non é que todas as obras publicadas teñan un valor de novidade, com'as do teatro irlandés, nin que todas elas señan dende logo doadas pra seren representadas. N-iste mesmo volume, cecais Alvaro de las Casas propúxose mais que nada facer teatro pra ler. Tampouco a *Lagarada* d'Otero Pedrayo foi feita ao que semella pensando en que fose levada ao taboado. Mais así e todo, compre afacer a gente a produciren pra o teatro. Anque seña sempre por afeizoados, inda se representan bastantes obras galegas, e realmente hai demanda d'elas, por mais que as condicións da cousa non señan das que poida dar ilusión a ningún autor.

A *morte de Lord Staüler* é unha peza de teatro de leenda, poéticamente escrita, onde hai elementos novos e elementos vellos, influencias cruzadas de Maeterlinck e de Bernard Shaw, ambiente e lingoaxe líricos, un fondo d'irrealidade encaixado n-unha época histórica definida: as loitas de Don Pedro o Cruel con Don Enrique de Trastámara, vaguedade e intenzón simbólica, calidás todas que estranan n-un home tan dinámico com'Alvaro Casas, qu'en pouco tempo leva publicado tantos libros tratando de tan distintas cousas, e que semella que non ha ter tempo pra soñar. Anque, ben dito, abonda

que soñe namentras escribe. Porque por riba de todo, o que il é, é lírico.

LA QUESTIÓ DE LES MINORIES NACIONALS, I, Les vies del Dret, por J. ESTELRICH, Barcelona, Llibreria Catalonia, 1929.

En todas as nacionalidades d'Europa que non teñen recoñecida a súa personalidade adicase unha atenzón preferente, inda que non seña mais que por solidariedade human ao pleito das minorías nacionais. Non é qu'o pleito das minorías seña precisamente o mesmo das nacionalidades, nin que a solución que a S. das N. lle haxa de dar vaia satisfacer ás nacionalidades verdadeiras, anque non seña mais que coma reivindicación colectiva, porque asína convén mais aos Estados dominantes; mais as porfías en col do dereito minoritario acaran moito e abren novas perspectivas xurídicas ás reivindicacións nacionais e regionais.

O libro de J. Estelrich constitúe a mais forte aportación catalana a iste estudo, porque anqu'o autor diga que é un libro mais ben político do que xurídico e mais d'información que de doutrina, resulta outamente instrutivo e cheo, basto d'ideias e apontamentos nidiamente espostos con rigor científico e con eixemplar desapaixoadamento. É ademais un libro concebido por un espírito fondamente liberal, moderno, xeneroso, o mais afincado que se poida dar nos principios democráticos e o mais alonxado do nacionalismo intransigente. É libro d'un pacifista e d'un universalista.

A orde seguida é a seguinte: Trata primeiro do problema das minorías atal e com'está prantexado nos organismos oficiais da S. das N. sinalando os antecedentes do asunto das minorías, as súas solucións nos tratados de paz e as difenzas d'estas solucións; despoixas, trata das organizacións internacionais que s'ocupan dos dereitos das minorías, e dos catro Congresos da Unión dos Grupos Nacionais organizados de Europa, co-as declaracións feitas n-eles a prol dos dereitos das minorías, e pol-o derradeiro, do asunto das minorías diante da IX Asamblea da S. das N. e do Consello da mesma. Remata proclmando o deber en qu'están os cataláns d'intervir aivamente no pleito das minorías.

Pol-o seu especialismo intrínseco estraitamos eiquí as conclusións do ilustre autor catalán:

Derivado do principio das nacionalidades hai un dereito recente de minorías nacionais imperfecto no seu contido e aplicación, que somentes se pode perfeizoar por meio d'un Estatuto xeral e aplicábele a todos os pobos,

baixo a garantía da S. das N. Namentras o asunto se non resolva, os problemas de nacionalidade han ser un instrumento político, pretexto e causa de guerras. O deber dos cataláns, coma homes liberais e modernos é axudar a que se resolva, porque ademais somentes a ampliación do dereito de minorías pode dar estado xurídico internacional ao problema catalán, e atraguerlle opinión, pois a liberdade fai aos homes solidarios, coma tamén son solidarias as tiranías. Interiormente, a solución do problema catalán somentes se pode atopar en loita directa contra das forzas de reacción catalanas e contra dos poderes retrógrados españois, e débese aconsellar o prantexamento do problema catalán adentro do mundo político peninsular c'un ideal xeneroso pra toda a Península; intresándose por todos os problemas peninsulares de liberdade e concenza.

CUENTOS HUMORÍSTICOS, por ENRIQUE LABARTA, Barcelona, 1929.

Un novo volume das obras completas d'Enrique Labarta, qu'están publicando os seus paisanos de Bayo, en homaxe o ilustre humorista. Ben coñecida de todos a personalidade de Labarta, da que aínda hai pouco, co gallo da publicación do volume precedente d'esta edición das súas obras completas, temos ofrecido aos nosos lectores algúns aspectos pouco observados pol-a crítica, com'a súa forte tendencia ao espiritismo, a teosofía, etc. en suma, a súa gran curiosidade, probablemente inquedanza pol-o mais alá. Cuasementes, iste libro de contos humorísticos comenza c'un caso de reencarnación, no que un zapateiro de portal vai desempeñar o rol d'Adam n-un lonxano planeta recién criado, todo moi ben posto adentro da teoría de Laplace e dos soños flammariónicos, co-esas vertixinosas distancias estelares que ningún mideu, e que tanta e tan xustificada rabia lle dan a Bernard Shaw; e alí, coma no eterno retorno de Nietzsche, a mesma historia do Adam da terra e da súa Eva repítese de novo. A mesma tendencia flammariónica atopamos aínda no *Amor interplanetario*. Lembremos aínda o intencionado conto *Entender la Química*, cuio D. Saturnino tanto s'imita ao Pacheco d'Eça de Queiroz.

LA COPA DE CUASIA, por ANTONIO REY SOTO, Guatemala, 1928.

OFÉRCENOS Rey Soto un novo libro, froito da súa aitividade espiritual dos derradeiros anos, aló en Guatemala, onde o bri-

lante lírico, no meio dos seus traballos de profesor da Universidade, acha horas de recollimento pra meditar nos problemas eternos e verter en requintada prosa os seus pensamentos.

La copa de cuasia é un libro cecais mais de meditazós que de filosofía, e decimos isto, non porque n-il o problema supremo da Door estea tratado sen rigor metódico, senón polo fondo acento persoal que teñen todas as suas llanas. O autor refrenou así e todo o seu pulo lírico o mais que puido pra se ater aos datos precisos do problema e ao rigor lóxico no seu tratamento.

A vida é door, mais non esencialmente. Xurde coma i auga pura do seu limpo manantial—Deus—mais tórnase amarga ao cair na nosa copa de cuasia. Door, físico ou moral, é esencialmente perda, así coma creazón é aumento; d'iste xeito, a door oponse á creazón, coma negazón sua é en certo modo destrución da obra divina. A orixe da door é o pecado; o home sofre por que pecar é principalmente por que pecou Adán. Mais as bestas non pecaron é emporiso áchanse tamén suxetas a door. Rei Soto resolve esta dificultade supondo que as bestas sinten pero non sufren a door. Crar'está que d'esto non podemos estar inteiramente seguros. Fúndase Rei Soto en que a door somentes é coscente no home, mais esto resulta un pouco dificultoso sabelo de certo. Fala dispois da misión redentora da door e ten no final páxinas inspiradas en col da nosa civilización mecánica, que no seu conceito—coma no noso—é esencialmente satánica.

O estilo do libro, d'un lirismo contido e sempre cautivante e rico de eixemplos e símbolos plásticos que fan mais viva a espoxición ideolóxica.

LA LEYENDA DE LOS FRANCO-TIRADORES DE DINANT, por DOM NORBERT NIEUWLAND E MAURICE TSCHOFFEN, Gembloux (Bélgica), 1929.

OFERCIDA polo Sr. Alcalde da vila de Dinant (Bélgica), Mr. L. Sasserath, chegou a nós esta resposta á Memoria do Profesor Meurer, da Universidade de Wurzburg, que a vila de Dinant publica en defensa do seu bon nome, atacado pol-a dita Memoria do profesor alemán, presentada a unha comisión do Reichstag, e na que s'acusa aos cidadáns de Dinant de ter feito a guerra de franco-tiradores. Aportan os autores numerosos testemoios documentais e decrazós de moitas persoas pra desfacer a aludida leenda, que supoñen foi feita circular pra desfigurar os feitos, tendo sido ben

cruel e precisando algunha xustificación, a conduta dos exércitos do Kaiser en Dinant. Atal ven sel-a tése do libriño qu'agradece-mos á nobre vila do Dinant que xentilmente nol-o envía.

POEMAS JAPONESES, versión castellanade ANTONIO GUTIÉRREZ ALFARO, Buenos Aires, 1929.

CARECEN estos poemas de brío, de sarcasmo, de esa enerxía feroz que es la característica de nuestro Occidente, por muchos conceptos bárbaros, di atinadamente o tradutor. Atal é o sino das culturas: a nosa emprincipiou co-as armaduras e remamata co-as máquinas, e d'iste xeito, áchase de cote domiñada polo signo de ferro, metal do praneta Marte. Por algo se ten chamado ao Arya *raptor orbis*. Cáqueque todos os poemas eiqui vertidos son do *Kokinshū*, ou seña, que son anteriores ao ano 906 da Era Cristiáa. Obedecen todos a unha refinada retórica, cuyas formas, sendo tan diferentes das nosas, desaparecen de todo na tradución; mais é qu'isa retórica preceitúa tamén as imaxes e toda a costrución poética, de maneira que por ista banda podémonos dar idea d'esta poesía refinada e exquisita na que o senso da natureza é tan fondo. O tradutor soupo conservar ben estas impresións, e demostra que coñece moi ben a literatura japonesa.

UNA MORENA Y UNA RUBIA, por FRANCISCO CAMBA; **EL BARCO EMBRUJADO**, por ALBERTO INSUA.

ESTAS duas novelas, das de mais éisito n-istes derradeiros tempos, que nos ofrece a editorial Rivadeneira, son de dous escritores galegos de todo extravertidos de Galiza. Por mais que a nosa renascenza prescise o esforzo de todos os galegos, non emporiso imos ver mal que os nosos compatriotas acaden postos de honra nas literaturas alleas.

Por eixemplo, Camba entrou tan de cheo no ambiente de Madri, que fai estas cousas tan ben ou millor que o poidan facer o mais castizo dos escritores da Corte, que n-ela foran criados. A aventura que se refire en *Una morena y una rubia* ten verdadeiro sabor e é no fondo unha historia tristeira, coma case todas as historias d'amores, e coma cecais o require o sentimentalismo madrileño. Ademais chea d'intrínseco e inmolabelmente escrita.

Outra cousa é *El barco embrujado*, onde Alberto Insua éntrase polo os eidos das posi-

bilidás ocultas pra nos levar, guiados d'un estrano brujo, non se sabe ben a fin de contas se anxélico ou endiañado, a unha sorte de Paradiso astral, no que os homes, apesares de teren satisfeitos todol-os desexos, esprimentan a saudade d'iste mundo e achan n'elo razón pra se revoltaren. Poí-o cual, a novela, por soñada que sexa, non deixa de ser no fondo certa.

A crítica toda acolleu moi ben ambas novelas. E nós hemos loubar tamén eiquí de camiño a aitividade cultural da Casa Riva-deneira, cujas publicazóns leemos sempre con intrés e gosto.

REVISTAS

REVISTA DE CATALUNYA,
Maig-Juny, 1929.

SUMARI: A. Rovira i Virgili, *La genealogia de Guifré, comte de Barcelona, i la seva muller Guinedilda*.—Henry de Varigny, *El problema de la població*.—J. Aiguader i Miró, *La fatiga obrera*.—Pepe Sanahuja, *Arnau Mir de Tost*.—A. R. i V., *Les idées de P.*.—J. Proudhon. —Elies Serra i Rafols, *La Catalunya lleidatana*.—Nótules. —Cróniques Catalanes: *La Historia i l'Erudició*, per Ferran Soldevila. —*Les Lletres*, per Domènec Guansé. —*El Teatre*, per Prudenci Bertrana. —*L'Art*, per Joan Sacs. —*Periódicos i Revistes*.

AN OALED, 3.º trimestre, 1929.

SOMMAIRE: *Autonomisme ou Régionalisme*, par Taldir. — *L'industrie de la Pêche* par Yves-Marie Fournis. — *Histoire de la Boulangerie* (suite), par Ambroise Morel. — *Le littoral pleubiennais*, par Yves Berthou. — *Impressions d'un Soldat breton au Maroc* (suite). — *Les Vedettes de Chez nous*, par Lagadec. — *Souvenir de Quimperlé*, par Jean des Cognets. — *Lettre d'un marin a sa mère*, par F. Monot. — *Buez eur C'houer* (kendalc'h) gant Godest. — *Sant Gweltas a Ruis* (dives), gant Ab. Hernin. — *Versus per Agros*, par Champgeur. — *Merc hed Skäer*, gant Solu. — *Klemmen en derien*, gant Efflam Koet Shau. — *Eurenjou Kana*, gant Ar Braz. — *Digoridigez ar Gorsendd*, gant Ar Braz. — *Les manifestations bretonnes de l'été*. — *Echos et Nouvelles*. — *Ar Wask vreizsek*. — *Les Editions Armorica*. — *Bibliographie*, par F. J. — *Le Carnet de nos Abonnés*. — *Tribune libre*. — *Publicité Illustrations*, etcétera.

Imprenta NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

Pelerinaxes I

por Ramón Otero Pedrayo

Ilustrazóns de Risco

Está á venda.

5 pesetas.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32

San Andrés 50

SANTIAGO

A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibles, convelle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Vendese en todol-os estableci-mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RÍOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

y

D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Para detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno